



ANTECEDENTES

1. Expediente de contratación do servizo de **REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS MUNICIPAIS PARA CLASIFICACIÓN E ORDENACIÓN PORMENORIZADA DA AMPLIACIÓN E, NO SEU CASO, MODIFICACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO**, aprobado en data 13.10.2022
 - a. Anuncio da licitación citada, de data 14.10.2022
 - b. Cláusula 2.2.9 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a adxudicación, aprobado en data 14.10.2022

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 146.2 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP), sinala que nos procedementos abertos, a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor corresponderá, nos casos en que proceda por ter atribuída unha ponderación maior que a correspondente aos criterios avaliábeis de forma automática, a un comité de expertos con cualificación apropiada, que conte cun mínimo de tres membros, que poderán pertencer aos servizos dependentes do órgano de contratación, pero en ningún caso poderá estar adscritos ao órgano propoñente do contrato, ao que corresponderá realizar a avaliacións das ofertas; ou encomendar esta a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.

Por canto antecede, **DISPOÑO**:

1º.- DESIGNAR os membros do Comité de expertos para a valoración dos criterios recollidos no sobre 2 do expediente sinalado:

- **D^a. Mónica Marras Mosquera**, Xefa do Servizo de arquitectura da Deputación de Lugo
- **D. Héctor Diéguez Aranda**, Xefe do Servizo de vías e obras da Deputación de Lugo
- **D. José Antonio Mondelo Rodríguez**, Xefe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo

Monforte de Lemos, 26 de outubro de 2022

O Alcalde,

José Tomé Roca

